

## Valeria Alonso

### *Osario*

Dirección e coreografía: Valeria Alonso  
Vídeo e posta en escena: Valeria Alonso  
Intérpretes: Simona Ferrar e Valeria Alonso  
Música: Rodrigo Covacevich e Rodrigo Alonso.

PRIMEIRO PREMIO NO XX CERTAME COREOGRÁFICO DE MADRID

# 'Osario'

Certas ideas e imaxes absorbidas na lectura de *Mujeres que corren con los lobos* (Clarissa Pinkola Estés), inspiran a Valeria Alonso para iniciar o traballo. “Arqueticamente os ósos representan aquilo que non se pode destruír”, explica Alonso. “Dúas mulleres entran no seu propio osario, aquel lugar onde se atopan os ósos da intuición, do seu instinto feminino”, engade. Un traballo de investigación sobre a noción do salvaxe disparou a coreografía desta arxentina premiada no XX Certame Coreográfico de Madrid o ano pasado. “O concepto é poder fusionar esa muller salvaxe coa muller civilizada; que

poidan ser a mesma pero que poidamos distinguir as súas partes”, describe Valeria Alonso. “Presentámonos ao certame de Madrid sen demasiada aspiración. Era máis ben a aventura de xenerar un traballo en vídeo”, asegura Valeria, quen engade estar feliz do resultado máis aló de premio. “Foi unha sorpresa fermosa”, continúa a coreógrafa quen ademais dos 4.500 euros do premio, recibiu unha residencia en La Caldera, Barcelona. O seu próximo proxecto xa está en marcha. Chámase *Boyfriend* e é unha peza para cinco intérpretes femininas. “Unha bomba”, afirma Valeria Alonso.



Jean Pierr Ledos